




PLAN DE ACCIÓN EN MATERIA DE SOFTWARE LIBRE

Plan 2013
AMTEGA



PLAN DE ACCIÓN EN MATERIA DE SOFTWARE LIBRE: PLAN 2013

- A Xunta de Galicia mantén a súa **aposta estratéxica** polo fomento do uso do Software Libre en Galicia. O principal obxectivo é acadar un maior uso do Software Libre nos ámbitos empresarial, administración pública e cidadanía.
- O plan de acción en materia de Software Libre en 2013 mantén o alto grao de actividade dos anos anteriores con **120 accións** de fomento e difusión do Software Libre en colaboración coas asociacións galegas de usuarios, a asociación de empresas de software libre, as tres universidades, o colexio profesional de enxeñeiros de informática así como con CENATIC.
- O Plan de Acción conta para 2013 cun orzamento de **923.000€** para o fomento Software Libre de cara á sociedade e ás empresas.
- Mantéñense as liñas estratéxicas de actuación enmarcadas na Axenda Dixital 2014.gal





L2

Administración eficiente

Impulso na administración pública

- **Migración a Software Libre** no posto do empregado público
 - Elaboración da **Folla de ruta** para a migración a Software Libre e estándares abertos do posto ofimático do empregado público en colaboración con **AGASOL**
- **Formación** ao empregado público en Software Libre
 - Formación en Software Libre a través da EGAP: Plan ofimático galego
 - Formación destinada ao profesorado de aulas Abalar
 - Sesións e xornadas formativas ao persoal TIC da Xunta de Galicia:
 - ✓ A Oficina de Coordinación de Software Libre impartirá sesións formativas en materia de **liberación de software** e en materia de **licenciamiento e publicación de contidos**.
 - ✓ O CPEIG impartirá xornadas sobre xestor documental **Alfresco**, o contorno de desenvolvemento **LAMP** (Linux /Apache /MySQL / PHP) e sobre **contornos de virtualización** libres.
- Estudo do estado da arte de **ferramentas de teleformación** nas administracións públicas en colaboración con AGASOL



L2

Administración eficiente

Impulso na administración pública

- Fomento da **Interoperabilidade** nos sistemas da Administración Xeral
 - Adecuación das políticas de uso de formatos abertos segundo o Esquema Nacional de Interoperabilidade
- **Liberación de software e contidos** desenvolvidos con fondos públicos
 - **Liberación de dous novos proxectos** da Xunta de Galicia
 - Fomento do uso do Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia
 - Servizo de apoio técnico á liberación de software na administración pública
 - Fomento da reutilización da información do sector público
 - Impulso da estratexia OpenData da Xunta de Galicia
 - Definición de políticas respecto á propiedade intelectual e licenciamiento na Xunta de Galicia



L2

Administración eficiente

Impulso na administración pública

- Fomento da **reutilización de Software Libre** nos sistemas da Xunta de Galicia:
 - Servizo de asesoramento sobre ferramentas libres para as necesidades TIC da Xunta de Galicia
 - Fomentarse a reutilización de Software nas primeiras fases de contratación pública de proxectos TIC.
- Implantación de Software Libre na Xunta de Galicia
 - Melloras na maqueta Software Libre na aula de formación do Centro Demostrador TIC
 - Mantemento e novas funcionalidades na maqueta da rede CeMIT
 - Software Libre en novos proxectos TIC da AMTEGA
 - ✓ Plataforma de virtualización con SwL
 - ✓ Plataforma de respaldo baseada en Bacula
 - ✓ Despregue dunha ferramenta de monitorización de rede baseada en Zabbix
 - ✓ Despregue da aplicación de Software Libre openDCIM (Data Center Infrastructure Management) para xestionar a infraestrutura do CPDi



L2

Administración eficiente

Impulso na administración pública

- Cuarta fase do proxecto **ABALAR**
 - Despregue de 200 novos servidores de centro e actualización da nova versión de intranet de centro
 - Dotación de 300 novas aulas dixitais con solucións libres
 - Catalogación e publicación de novos contidos no Repositorio de contidos abalar
- Software Libre noutros proxectos sectoriais:
 - Implantación e publicación do Xeoportal de indicadores territoriais DESOURB (Desenvolvemento Sostible Urbano)
 - Desenvolvemento de novas funcionalidade no XeoVisor Mínimo – XVM
 - Novas funcionalidades no proxecto base de datos web: bdweb
 - Diversos desenvolvemento baixo contornos LAMP
 - Integración dos sistemas de control de calidade e integración continua con Jenkins, Nexus e Sonar incorporando novos plugins e métricas.
 - Novas funcionalidades no sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)



L3

Cidadanía dixital

Fomento cara a cidadanía

- Formación en Software Libre a través da **rede CeMIT**
 - Mantemento e melloras na maqueta software da rede CeMIT
 - Espazo Multimedia de Aprendizaxe: plataforma de teleformación
 - ✓ Elaboración e publicación de novos cursos
 - ✓ Titorización para a adquisición de competencias dixitais da cidadanía en colaboración con AGASOL
 - Previstas un total de **40.000 horas** de formación a través da rede CeMIT repartidas pola xeografía galega
- Promoción do **Repositorio documental de Software Libre** de Galicia
- Fomento da **tradución de Software Libre ao Galego**.
 - Incrementarase a coordinación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística neste sentido.
 - Colaboración coa Asociación Cultural Proxecto Trasno e a OSL: Trasnadas , Traslatón, Tradución de moodle
 - Acción conxunta entre AMTEGA, SXPL e Trasno **solicitando a Google a tradución ao galego do sistema operativo Android**.



L3

Cidadanía dixital

Fomento cara a cidadanía

- Formación e difusión en colaboración coas AGUSL e as Universidades
 - Está prevista a realización de máis de **50 actividades** comprendendo a organización de xornadas, cursos, obradoiros ou a elaboración de material formativo sobre Software Libre.
- Organización do premio ao mellor proxecto universitario de fin de carreira con Software Libre



L4

Transforma TIC

L5

EconomiC-IT

Fomento no ámbito empresarial

- Software Libre no Centro Demostrador TIC
 - Servizo de consultoría tecnolóxica para pemes galegas en colaboración con AGASOL e a Oficina de Coordinación de Software Libre
 - Elaboración e difusión dun paquete de solucións empresariais en Software Libre para as micropemes e autónomos
 - Formación a profesionais TIC
 - ✓ Ciclo de obradoiros prácticos de desenvolvemento, publicación e liberación de Software Libre
 - ✓ Ciclo de seminarios prácticos sobre solucións empresariais con Software Libre
- Formación a profesionais TIC no CNTG
 - **900 horas** de formación en Software Libre no primeiro semestre
- Estudo da evolución do uso do Software Libre en Galicia



Licenza

Esta obra, elaborada por AMTEGA, está baixo unha licenza Recoñecemento-Compartirlgual 3.0 España de Creative Commons.



Para ver unha copia da licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/es/deed.gl>